

ASISTENTES:

**Alcalde:**

D. José Luis García López

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Torreiro González

D<sup>a</sup>. Aurora Varela Duro

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Pilar Castro Vallo

D. Miguel Sánchez Varela

D<sup>a</sup>. Cristina Castro Pampín

D. Alfonso Orois Conde

D<sup>a</sup>. Begoña Balado Conde

**Secretario:**

D. Juan Colmenares López-Soldado

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Olga Castro Fernández

**ACTA**

En Arzúa, a 29 de abril de 2015.

Sendo as 20.10 horas, reúnen no Salón de Sesiões da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Non asistindo a esta sesión o concelleiro don Xosé Luis Fernández Segade.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA:

*Punto 1º* **LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 17 DE FEBREIRO DE 2015.**

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación, con respecto á acta desa sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

*Punto 2º* **RENUNCIAS AO CARGO DE CONCELEIRO PRESENTADAS POLOS CONCELEIROS PERTENCENTES AO GRUPO POLÍTICO DO PARTIDO POPULAR: ANTONIO OROIS VALIÑO, ALFONSO LODEIRO REGUEIRO, MARIA ROSARIO VÁZQUEZ OROIS E JAVIER RODRÍGUEZ VÁZQUEZ.**

Dáse conta:

1) De que mediante un escrito, de data 20 de febreiro de 2015, presentado ese mesmo día no Rexistro Xeral do Concello, o Sr. Orois Valiño presentou a súa renuncia ao cargo de concelleiro, e

2) De que a Sra. Vázquez Orois, o Sr. Lodeiro Regueiro e o Sr. Rodríguez Vázquez, tamén presentaron a súa renuncia ao cargo de concelleiro, por asuntos particulares, mediante os correspondentes escritos de data 13 de marzo de 2015, presentados nese día no Rexistro Xeral do Concello.

E polo secretario se informa:

a) Que, se se ten en conta o informe que emitiu ao respecto con data 16 de marzo de 2015, o acordo que procedería adoptar sería o de aceptar esas renuncias, retrotraendo os seus efectos xurídicos ao día en que foron presentadas.

b) Que a Disposición Final 4ª nº 1 da Lei 39/1978 de 17 de xullo, de Eleccións Locais, facía unha distinción en canto á forma de cubrir as vacantes ao cargo de concelleiro, segundo que estas se produciran dentro dos tres primeiros anos de mandato ou no último ano; pero como esta norma non foi incluída na vixente Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xullo, de Réxime Electoral Xeral, que ademais derogou a citada Lei 39/1978, cabe entender que agora pódese producir a substitución dos concelleiros que presentaron a súa renuncia, polos seguintes candidatos que figurasen na lista electoral presentada polo Partido Popular nas Eleccións Locais do día 22 de maio de 2011. Para o cal o Pleno debe declarar vacantes os cargos de concelleiros que desempeñaban os catro concelleiros citados e solicitar á Xunta Electoral Central a credencial dos catro candidatos que figuraban nos seguintes lugares nesa lista electoral; aínda que non ten moito sentido solicitar esas credenciais a falta de vinte días para as Eleccións Locais.

Deseguido o Sr. alcalde abriu unha rolda de intervencións, realizándose as seguintes:

\* Por parte da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), para expoñer:

- Que temos que estar de acordo porque cada concelleiro, pertenza á formación política que pertenza, é moi libre de elixir se dimitir ou deixa a acta de concelleiro.

- Que neste caso é bastante chocante cuando os concelleiros dimitiron por controversias co seu propio partido.

- Que quere darlle a noraboa aos dous concelleiros do Partido Popular, dona Cristina Castro Pampín e don Alfonso Orois Conde, que permanecen no citado grupo político, porque lle parece que son os máis coherentes, xa que algún dos que renunciou ao cargo de concelleiro vai volver a figura nesa candidatura.

- Que temos que pensar que é unha tomadura de pelo, porque parece unha falta de respecto tanto para os veciños, como para a propia institución do concello, xa que foron os veciños quen os apoiaron cos seus votos, e deberían permanecer ata o final.

\* Por parte da Sra. Castro Pampín (do PP), para expoñer:

- Que nós tamén pensamos que é un acto de irresponsabilidade, tanto hacía os votantes do Partido Popular, como hacía os propios compañeiros, porque nin a ela nin ao Sr. Orois Conde lles comunicaron as renuncias presentadas no seu momento.

- Que imos votar a favor de aceptar esas renuncias, porque non imos entrar a valorar os motivos que alega cada un para renunciar ao cargo de concelleiro; pero non compartimos a maneira de actuar.

\* Por parte do Sr. Sánchez Varela (do BNG), para expresar:

- Que a nivel práctico non procede pedir as credenciais dos substitutos dos catro concelleiros que renunciaron ao cargo, pero –se hai que cumprir co requisito legal de inicar o trámite- esta totalmente de acordo en pedilas.

- Que quere felicitar aos concelleiros do Partido Popular, Sra. Castro Pampín e Sr. Orois Conde, por ser responsables e cumprir co seu compromiso ata o final do mandato desta Corporación.

- Que tamén quere face unha crítica a dous dos catro concelleiros que renunciaron e que se volven a presentar na nova candidatura do Partido Popular, porque considera que fixeron unha manobra de dudosa honestidade política e que, aparte de ser membro do grupo político do Bloque Nacionalista Galego, como arzuán e como posible votante, non lle inspirarían confianza ningunha.

Finalmente o Sr. alcalde autorizou a intervención da Sra. Varela Duro, que manifestou:

-Que redunda na falta de seriedade e responsabilidade, porque cando un se presenta ás eleccións se supón que vai asumir a candidatura, excepto problemas persoais visibles e palpables, o cal non sucede nestes catro casos, porque recurrir a asuntos persoais faise con relativa facilidade.

-Que o transfondo da historia é outro, e por iso cre que se precipitaron en tomar esa determinación e coincide co Sr. Sánchez Varela, en que houbo unha falta de responsabilidade desde o punto de vista político.

-Que considera que poñen en entredito a súa propia ideoloxía, como representantes do Partido Popular; se houbera outro tipo de oferta, nalgún momento, seguro que a aceptaban e iso é moi pouco serio.

- Que os votantes do Partido Popular terán que meditar o seu voto, para unha candidatura onde figurasen quen deixou con enfado e cabreo a acta de concelleiro por dito partido e en aras de posibles ofertas doutro grupo político.

Tras todo o exposto o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria este asunto:

Adoptándose –por unanimidade dos oito membros asistentes (*1 do BNG, 1 do PSdeG-PSOE, 2 do PP e 4 non adscritos a ningún grupo político*), sendo trece o número legal dos que integran esta Corporación Local- os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Quedar enterados e aceptar as renuncias ao cargo de concelleiro presentadas o día 20 de febreiro de 2015 por don Antonio Orois Valiño e o día 13 de marzo de 2015 por don Alfonso Lodeiro Regueiro, dona Rosario Vázquez Orois e don Javier Rodríguez Vázquez, retrotraendo os seus efectos xurídicos a ditas datas.

**Segundo.-** Declarar vacante os catro cargos de concelleiros ocasionados con motivo desas renuncias, aos efectos de inicar os trámites procedentes para as súas substitucións.

**Terceiro.-** Solicitar á Xunta Electoral Central –porque xa transcorreu o mandato das Xuntas Electorais de Zona- a credencial dos seguintes catro candidatos, que figuran na lista electoral que o Partido Popular presentou neste municipio con motivo das Eleccións Locais de 2011, debendo expedirse en consecunecia esa credencial a favor das persoas que figuran nos seguintes lugares dentro desa lista electoral.

***Punto 3º) DAR CONTA DO ESCRITO PRESENTADO NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO O DÍA 16 DE ABRIL DE 2015, POR PARTE DE CINCO MEMBROS DESTA CORPORACIÓN LOCAL, COMUNICANDO O SEU ABANDONO DO GRUPO POLÍTICO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO E AOS EFECTOS DE REORDENAR –SE PROCEDE- A INTEGRACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS E DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS, E A INTERVENCIÓN DOS CONCELLEIROS NON ADSCRITOS NAS SESIÓNS DO PLENO.***

Polo secretario dáse lectura do escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello día 16 de abril de 2015 (*sendo rexistrado de entrada ao número 1.268*) polo alcalde Sr. García Lóez e os catro concelleiros seguintes: María del Carmen Torreiro González, Aurora Varela Duro, María Pilar Castro Vallo e Xosé Luis Fernández Segade, que figuraban incluídos na candidatura que o Bloque Nacionalista Galego presentou neste Concello nas pasadas Eleccións Locais do día 22 de maio de 2011; a través de cuxo escrito expoñen:

*-Que tomaron posesión dos seus cargos de concelleiros:*

*• Os tres primeiros, cando se celebrou a sesión constitutiva da Corporación Local, o día 11 de xuño de 2011. Nesa sesión resultou elixido alcalde don Jose Luis García Lóez.*

*• Mentres que dona María Pilar Castro Vallo e don Xosé Luis Fernández Segade, fixérono nas sesións que celebrou o Pleno do Concellos os días 31 de maio de 2013 e 12 de xullo de 2013, respectivamente, ao ter sido expedidas a nome deles as credenciais de concelleiros pola Xunta Electoral Central, para substituír a outros concelleiros, incluídos na mesma candidatura, que tiñan renunciado aos seus cargos.*

*- Que o alcalde e os catro concelleiros indicados quedaron incluídos no grupo político do Bloque Nacionalista Galego, dentro esta Corporación Local, e nesa condición viñeron desempeñando as súas respectivas funcións, como consecuencia das atribucións asignadas a cada un deles. (Cuxo grupo estaba integrado por seis membros, figurando entre eles o alcalde).*

*- Que, os cinco integrantes desta Corporación Local que asinan ese escrito, consideran que existían discrepancias para poder seguir pertencendo ao Bloque Nacionalista Galego.*

*- Que despois de valorar a situación, decidiron abandonar dito partido político e, consecuentemente, o grupo político no que estaban incluídos dentro desta Corporación Local, pasando a ter a condición de membros non adscritos, tal como se indica, para este tipo de supostos, no artigo 73 nº 3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, trala redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.*

*Polo que dan conta ao Pleno do concello, por se procedera levar a cabo a reordenación da presenza do grupo político do BNG nas distintas comisións informativas, así como a presenza dos cinco membros desta Corporación que a partir de agora ostentará a condición de non adscritos; e aos demais efectos procedentes.*

---

Tras a lectura de dito escrito, o secretario informou que –con data 23 de abril de 2015- emitira un informe, do cal dou copia ao Sr. alcalde, onde se recolle a forma en que se debería de proceder a partir de agora: tanto en canto ao réxime de intervencións dos cinco concelleiros non adscritos nas sesións que celebre o Pleno do Concello, como en relación coa composición: da Comisión informativa para determinados Asuntos do Pleno e Control da xestión municipal e da Comisión informativa de Urbanismo, Deportes, Cultura e Benestar social, e Promoción económica, así como da Comisión especial de contas, economía e facenda; as cales o Pleno do Concello acordara crear na sesión celebrada o día 14 de xullo de 2011.

*Non realizándose ningunha intervención ao respecto (posiblemente porque non tería moito sentido levar a cabo agora unha reestruturación das Comisións informativas e da Comisión especial de contas, ao estar a vinte días da celebración das Eleccións Locais e non haber pendente ningún asunto de transcendencia xurídica ou política que fora competencia do Pleno ou da Xunta de Goberno Local).*

Polo Sr. alcalde someteuse a votación ordinaria este asunto.

Adoptándose –por unanimidade dos oito membros asistentes (1 do BNG, 1 do PSdeG-PSOE, 2 do PP e 4 non adscritos a ningún grupo político), sendo trece o número legal dos que integran a Corporación Local- o acordo de quedar enterados de que o Sr. alcalde e os catro concelleiros indicados abandonaran o grupo político do Bloque Nacionalista Galego nesta Corporación Local, na data do día 16 de abril de 2015; polo que pasaron a ter a condición de membros non adscritos, conforme se indica no artigo 73 nº 3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; sen facer ningún pronunciamento en canto ás cuestións informadas polo secretario a través do seu informe de data 23 de abril de 2015.

***Punto 4º) FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS, CON MOTIVO DAS ELECCIONS LOCAIS DO DÍA 24 DE MAIO DE 2015.***

Coñecido o contido dos artigos 25 nº 1 e 26 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, así como a modificación realizada pola Lei Orgánica 2/2011 de 28 de xaneiro.

Acordouse –por unanimidade dos oito membros asistentes (1 do BNG, 1 do PSdeG-PSOE, 2 do PP e 4 non adscritos a ningún grupo político)- proceder á designación dos presidentes e vogais, titulares e suplentes, que integrarán cada unha das nove Mesas Electorais; tomando por base o censo electoral que foi facilitado polo

Instituto Nacional de Estadística, utilizando para realizar o sorteo o programa informático proporcionado pola Deputación Provincial, entre as persoas censadas na Sección correspondente, que fosen menores de setenta anos e que reúnan os requisitos necesarios para ser presidente ou vogal, segundo os casos:

Sendo o resultado do sorteo realizado o seguinte:

**Sección Primeira: Mesa A**

**Titulares:**

Presidente: José Ramón López Camino

1º vogal: David García León

2º vogal: Marcos Barreiro Mejuto

**Suplentes:**

De presidente: Tania María Gil Tojo

De presidente: Maria Muiña Pérez

De 1º vogal: Alvaro Fragio Tojo

De 1º vogal: Vanesa Mangano Pavon.

De 2º vogal: Roman Agra Vidal

De 2º vogal: Rafaela Cuesta Fernández

**Sección Primeira: Mesa B**

**Titulares:**

Presidente: Laura Pampín Ramos

1º vogal: Marilina Ayelen Pampin Basso

2º vogal: Isabel Rial Boo

**Suplentes:**

De presidente: Natalia Veiga Parrado.

De presidente: David Villanueva Taboada

De 1º vogal: María Yanez Vázquez

De 1º vogal: M<sup>a</sup> Teresa Tasende Pernas

De 2º vogal: Susana Qunteiro Carbajales

De 2º vogal: Enma Roca Vázquez

**Sección Segunda: Mesa A**

**Titulares:**

Presidente: Maria Victoria Barreiro Tojo

1º vogal: Rebeca Susana Miguez Peñín

2º vogal: Ana Vázquez Mato

**Suplentes:**

De presidente: Andrea Taboada Mendez

De presidente: Marta Balado Varela

De 1º vogal: Ana Isabel Mosquera Mosquera

De 1º vogal: Daniel Quintela Carril

De 2º vogal: Cristina Agra Rey

De 2º vogal: Javier Gómez Pimentel

**Sección Segunda: Mesa B**

**Titulares:**

Presidente: Marta Fernández Martínez

1º vogal: Martín Vázquez Sánchez

2º vogal: Luis Alberto Villar Tojo

**Suplentes:**

De presidente: Daniel Varela Pazo

De presidente: Veronica Dono Vázquez

De 1º vogal: Iria Carreira Pazos

De 1º vogal: José Vicente Pérez Crego

De 2º vogal: Daniel Agra Muiña

De 2º vogal: Laura Mosquera López

**Sección Terceira: Mesa Única**

**Titulares:**

Presidente: Maria Jose Seoane Fente

1º vogal: Manuel Rodríguez Varela

2º vogal: Belen Garea Valiño

**Suplentes:**

De presidente: Rocio Nuñez Varela

De presidente: María Mercedes Pardo Aguiar

De 1º vogal: Josefa Sanguiao Fernandez

De 1º vogal: Jesus Manuel Casanova Rouco

De 2º vogal: Pablo Adan Seoane

De 2º vogal: Ana Couso Vázquez

**Sección Cuarta: Mesa Única**

**Titulares:**

Presidente: Ruben Villar Villar

1º vogal: Pamela Vilela Peña

2º vogal: Almudena García Vázquez

**Suplentes:**

De presidente: Mª del Carmen Arias Souto

De presidente: Iria Remuiñan Piñeiro

De 1º vogal: Africa Fernández Castro

De 1º vogal: Jose Manuel Pereira Pampín

De 2º vogal: José Rodríguez Rey

De 2º vogal: Adrian Vázquez Martínez

**Sección Quinta: Mesa Única**

**Titulares:**

Presidente: Adrian Rodríguez Naveiro

1º vogal: María del Carmen Crego Suarez  
2º vogal: Adrian Vieiro Duro

Suplentes:

De presidente: Cristina Pajaro Piñeiro  
De presidente: Manuel Dono Quintela  
De 1º vogal: Adrian Varela Pérez  
De 1º vogal: María Luz Sánchez Caneda  
De 2º vogal: Angel Agra Costoya  
De 2º vogal: Pilar Barreiro Lodeiros

**Sección Séptima: Mesa A**

Titulares:

Presidente: Miguel Carreira Parrado  
1º vogal: Christian Brañas Pimentel  
2º vogal: María del Carmen Camino Carril

Suplentes:

De presidente: Tania Fernández Mendez  
De presidente: Arancha Carril Cancelo  
De 1º vogal: Jose Cea Fuentes  
De 1º vogal: Jorge Fernández Bernado  
De 2º vogal: Leticia Iglesias Couso  
De 2º vogal: Lidia Fidalgo Rivas

**Sección Séptima: Mesa B**

Titulares:

Presidente: Roberto Paz Arias  
1º vogal: Jaime Vázquez Villares  
2º vogal: Raquel Vázquez Varela

Suplentes:

De presidente: Luis Oscar Miranda Golmar  
De presidente: José Luis Mato Sesto  
De 1º vogal: Mónica Vázquez Garea  
De 1º vogal: Rodrigo Sebio Segade  
De 2º vogal: Daniel Pampín Santos  
De 2º vogal: Maria Cruz Rúa Andrade

Realizado o sorteo para a designación dos presidentes e vogais que integrarán as Mesas Electorais, con motivo das Eleccións Locais do vindeiro día 24 de maio de 2015.

A Corporación Municipal –por unanimidade dos oito membros asistentes (*1 do BNG, 1 do PSdeG-PSOE, 2 do PP e 4 non adscritos a ningún grupo político*)- sendo

trece o número legal dos que integran a Corporación Local- adoptou os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Ratificar o resultado do sorteo realizado.

**Segundo.**- Para o suposto de que algunha das persoas que resultaron designadas, en cada unha das referidas mesas electorais, non poidera ser notificada por calquera motivo, para cubrir esa baixa efectuarase un sorteo polo mesmo procedemento informático, entre aqueles electores censados na Sección electoral correspondente, que reúnan os requisitos esixidos no artigo 26 nº 2 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

Delegando expresamente na Xunta de Goberno Local esta competencia, para que ese sorteo se realice nunha sesión pública; facendo uso así da previsión contida neste sentido na Sentencia do Tribunal Constitucional 161/2013 de 26 de setembro, como consecuencia da comunicación remitida a este Concello pola Xunta Electoral Provincial o día 8 de abril de 2014.

***Punto 5º) APROBACIÓN DOS SEGUINTE MODELOS DE DECLARACIÓN:***

***a) Declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos.***

***b) Declaración sobre bens patrimoniais e sobre a participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de contas, economía e facenda, na sesión celebrada o día 14 de abril de 2015; no seguinte sentido:

*“Ante a conveniencia de que os modelos de ambos tipos de declaracións foran aprobados polo Pleno deste Concello, na vindeira sesión que se celebrará antes das Eleccións Locais do día 24 de maio de 2014, o secretario –a requirimento da presidenta desta Comisión especial de contas, economía e facenda, Sra. Torreiro González- fixo referencia ao informe emitido con data 9 de abril de 2015, e pasou a informar o seguinte:*

*\* Que ambos tipos de declaracións deben ser presentadas polos concelleiros que resulten electos, antes da toma de posesión como concelleiros, e despois con ocasión do seu cese, se se produce, ou ao final do seu mandato; así como cando se modifiquen as circunstancias de feito.*

*\* Que os modelos de declaracións, que se viñeron utilizando nas últimas lexislaturas, foron elaborados pola editorial “Gráfica de Asturias, S.L”, os cales nunca foron aprobados polo Pleno do Concello, a diferenza doutros modelos utilizados hai xa moitos anos, que foron proporcionados por outras editoriais cando a Lei 7/1985 estableceu esta esixencia.*

*\* Que considera que eses modelos, que vén proporcionando “Gráfica de Asturias, S.L.” se poderían completar nalgún punto, co indicado ao respecto noutros*

*modelos de declaracións, como por exemplo o que agora ten á vista da editorial “esPúblico”, porque -en canto á declaración dos bens inmobles- resulta máis completo, ao recoller -tanto para os bens de natureza urbana como para os de natureza rústica- uns apartados que non contén o modelo de Gráfica de Asturias.*

*\* Que, sen a presentación de ámbos tipos de declaracións, os concelleiros que resulten electos, como consecuencia das Eleccións Locais do día 24 de maio de 2015, non poderán tomar posesión do cargo de concelleiros nin participar seguidamente na elección do alcalde o día en que se celebre a sesión constitutiva da Corporación Local.*

*\* Que da resposta dada a unha consulta xurídica efectuada a “El Consultor de los Ayuntamientos”, dedúcese que -se non se teñen aprobados polo Pleno os modelos de declaracións a presentar polos concelleiros que resulten electos- poden servir calquera dos proporcionados polas editoriais xurídicas, sempre que conteñan os datos esixidos polo lexislador; pero entón a vindeira Corporación debería acometer a aprobación deses modelos.*

*Deseguido entrevi a Sra. Varela Duro para expresar que, se ata agora se viñan utilizando os modelos de declaracións que proporcionou “Gráfica de Asturias”, considera que se poderían seguir utilizando os mesmos, previa a súa aprobación polo Pleno, sen necesidade de realizar ningunha modificación nos mesmos.*

*Tras todo o exposto, a presidenta desta Comisión especial de contas, economía e facenda decidiu someter este asunto a votación ordinaria;*

*Adoptándose –por unanimidade dos seis concelleiros asistentes (3 do BNG, 2 do PP e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de considerar que o Pleno do Concello debería aprobar os modelos de declaracións que ten confeccionados a editorial “Gráfica de Asturias”:*

*• Tanto sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que proporcione ingresos económicos aos representante legais.*

*• Como sobre os seus bens patrimoniais e sobre a participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, o Patrimonio e, no seu caso, Sociedades.”*

---

Tras as aclaracións realizadas polo secretario ao Sr. Sánchez Varela (do BNG), en canto ás diferencias existentes nos modelos de declaracións das dúas editoriais indicadas (“Gráfica de Asturias, S.L” e “esPúblico”), xa que dito concelleiro non estivo presente na sesión que celebrou –o día 16 do presente mes de abril- a Comisión especial de contas, economía e facenda, por canto que non formaba parte de dita comisión naquel momento.

O alcalde decidiu someter a votación ordinaria este asunto;

Adoptándose –por unanimidade dos oito membros asistentes (1 do BNG, 1 do PSdeG-PSOE, 2 do PP e 4 non adscritos a ningún grupo político), sendo trece o número legal dos que integran a Corporación Local- o acordo de aprobar os modelos de declaracións que ten elaborados a editorial “Gráfica de Asturias, S.L.”:

- Tanto sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos.

- Como sobre bens patrimoniais e sobre a participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades.

Cuxos modelos serán cumprimentados por quen resulten proclamados concelleiros electos, como consecuencia das Eleccións Locais do día 24 de maio de 2015, con carácter previo, para poder tomar posesión dos seus cargos de concelleiros; e, seguidamente, participar na elección de alcalde, na sesión constitutiva da nova Corporación Local.

#### ***Punto 6º) INVENTARIO DE BENS DESTA ENTIDADE LOCAL.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de contas, economía e facenda, na sesión celebrada o día 14 de abril de 2015; no seguinte sentido:

*“A presidenta desta Comisión especial de contas, economía e facenda, a Sra. Torreiro González, requiriu ao secretario para que realizase unha exposición deste asunto; manifestando o secretario o seguinte:*

***I) Que, con data 5 de marzo de 2015, emitira un informe en relación coa conveniencia e necesidade de confeccionar o inventario de bens, de cuxo informe entregara unha copia ao alcalde, pasando a dar lectura íntegra de dito informe; no cal, despois de realizar unha introducción referida aos antecedentes, se inclúe:***

- ***Un apartado A) referido á lexislación aplicable, que viría determinada polas seguintes disposicións:***

- *Os artigos 17, 18, 32 nº 1 e 34 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño.*

- *O artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local.*

- *O artigo 36 nº 2 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro.*

- *O artigo 2 letra j) do Real Decreto 1174/1987 de 28 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.*

- *O artigo 278 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

- ***Outro apartado B) que contén as seguintes consideracións:***

- a) Que non é o secretario a quen corresponde poñer en marcha a actividade precisa para formar o inventario e telo ao día, porque esta sería unha potestade do goberno e administración da entidade local, e o secretario carece de facultades para asignar determinadas tarefas a técnicos que necesariamente terían que intervir nos***

traballos, como por exemplo para realizar: a valoración de inmuebles, a interpretación de planos á hora de establecer a cualificación urbanística dos bens inmuebles, ou a concreción da superficie e lindeiros de tales bens.

**b)** *Que se se quixera que a elaboración do inventario correspondera ao secretario, na normativa de aplicación antes indicada preveríase así expresamente, como se fixo por exemplo coas actas (artigo 109 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais), ou cos informes legais preceptivos (artigo 54 nº 1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986).*

**c)** *Que aínda que a valoración do Inventario de bens deba actualizarse, iso non quere dicir que teña que ser exacta en todo momento, posto que ningunha relación ten nas relacións xurídicas do Concello; xa que, ata os préstamos, se conceden ou denegan tendo en conta outros factores distintos ao importe do patrimonio municipal, que ademais está constituído en boa parte por bens de dominio público dificilmente avaliábeis e de alleamento aínda máis improbable.*

**d)** *Que tal como se indica nalgunhas sentencias do Tribunal Supremo, como as de 9 de xuño de 1978 e 28 de abril de 1989, “el inventario municipal es un mero registro administrativo, que –por si sólo- ni prueba, ni crea, ni constituye derecho alguno a favor de la Corporación, siendo más bien un libro que sirve respecto de sus bienes de recordatorio constante, para que la Corporación ejercite oportunamente las facultades que le corresponden en relación con los bienes inventariados.”*

**e)** *Que o inventario de bens é un documento que debe aprobar o Pleno do Concello, sendo suficiente para iso o voto favorable da maioría simple; se ben, con carácter previo, deberá ser ditaminado pola Comisión especial de contas, economía e facenda, en cumprimento do disposto no artigo 82 nº 2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en relación a súa vez co artigo 64 nº 1 do Regulamento Orgánico Municipal.*

*E, unha vez adoptado o acordo de aprobación, deberá remitirse unha copia do expediente á Subdelegación do Goberno en A Coruña e outra copia á Dirección Xeral de Administración Local, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para dar cumprimento ao disposto no artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 781/1986.*

**II)** *Que como algúns, dos bens incluídos na relación de bens que serviu de base para confeccionar este inventario, figuraban nesa relación de bens con varios datos erróneos, solicitouse ao Rexistro da Propiedade a emisión de varias notas simples; as cales se tiveron en conta para realizar a correcta inclusión deses bens neste inventario.*

**III)** *Que faltaría por realizar a valoración actual de todos os bens incluídos neste inventario, o cal considera que podería ser realizado por algún dos técnicos que ten contratados este Concello.*

*Tras todo o exposto, a presidenta desta Comisión especial de contas, economía e facenda someteu este asunto a votación ordinaria.*

*Adoptándose –por unanimidade dos seis concelleiros asistentes (3 do BNG, 2 do PP e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello a*

*aprobación do inventario de bens, nos termos en que foi presentado, a reserva das valoracións dos bens que proceda realizar”.*

---

Deseguido producíronse as seguintes intervencións:

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), para expresar que non ten moito que engadir con respecto ao ditame da Comisión especial de contas, economía e facenda.

\* Da Sra. Castro Pampín (do PP), para expresar que se remite ao ditame da Comisión especial de contas, economía e facenda.

\*Do Sr. Sánchez Varela (do BNG), para manifestar que non estivo na sesión da Comisión especial de Contas, economía e facenda, pero lle parece unha boa idea a de facer o inventario de bens, e considera que habería que actualizar os prezos que figuran previstos nese inventario, sobre todo en relación cas fincas, porque poderían quedar un pouco desfasados os importes en que figuran valoradas.

\*Da Sra. Varela Duro (actuando como representante dos cinco concelleiros non adscritos), para expresar que non ten nada que engadir ao exposto na sesión da Comisión especial de contas, economía e facenda.

Previa concesión do uso da palabra, o secretario informou que para o suposto de que o Pleno aprobe o inventario presentado na sesión da Comisión de contas, economía e facenda, procedería realizar a valoración dos bens que carecen dela, así como a actualización do resto das valoracións que figuran nese inventario; podendo facultar ao alcalde para que aprobe esas valoracións, que poderían ser realizadas polos técnicos que ten contratados este Concello.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria este asunto;

Adoptándose –por unanimidade dos oito membros aistentes (1 do BNG, 1 do PSdeG-PSOE, 2 do PP e 4 non adscritos a ningún grupo político), sendo trece o número legal dos que integran a Corporación Local- os seguintes acordos:

**Primeiro**.- Aprobar o Inventario de Bens desta entidade local, nos termos en que foi elaborado.

**Segundo**.- Facultar ao Sr. alcalde para que aprobe as valoracións de todos os bens que figuran nese inventario, previa a realización da actualización polos técnicos municipais das valoracións de todos os bens, xa sexa porque carecen delas ou porque teñen asignado un valor correspondente a outras épocas anteriores.

**Terceiro**.- Unha vez realizadas esas valoracións remitírase unha copia do expediente á Subdelegación do Goberno en A Coruña e outra copia a Dirección Xeral de Administración Local, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para dar cumprimento ao disposto no artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aprobou o texto

refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local e no artigo 32 nº 1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño.

***Punto 7º) CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de contas, economía e facenda, na sesión celebrada o día 14 de abril de 2015; no seguinte sentido

*“A requirimento da presidenta desta Comisión especial de contas, economía e facenda, a Sra. Torreiro González, o secretario informou que este asunto foi incluído na orde do día desta sesión, como consecuencia do escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello o día 12 de agosto de 2014, por don Miguel Cesareo Vila Vázquez, veciño de Arzúa, con domicilio no lugar de O Rial da parroquia de Pantiñobre; a través de cuxo escrito solicita unha bonificación do 50% da liquidación do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras, que foi aprobada pola Xunta de Goberno Local, por importe de 557,40 euros, na sesión celebrada o día 16 de xaneiro de 2015, por razón da licenza municipal que lle foi concedida en dita sesión, para poder realizar as obras de ampliación da explotación gandeira que ten no citado lugar.*

*Sendo emitido pola interventora un informe ao respecto, con data 7 de abril de 2015, no que -despois de sinalar os antecedentes e a normativa de aplicación- conclúe que compete ao Pleno da Corporación declarar se se trata dunha obra de especial interese ou utilidade municipal, por estar comprendida esa obra dentro dos supostos enumerados na ordenanza fiscal reguladora do referido imposto, como paso previo á aprobación da bonificación correspondente na cota da liquidación provisional do imposto.*

*Manifestando a súa conformidade, coa bonificación solicitada, os seis concelleiros asistentes a esta Comisión especial de contas, economía e facenda.*

*Polo que a presidenta da Comisión especial de contas, economía e facenda decidiu someter este asunto a votación ordinaria;*

*Adoptouse –por unanimidade dos citados seis concelleiros asistentes (3 do BNG, 2 do PP e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello que realice a declaración de especial interese e utilidade municipal, en canto ás obras indicadas de ampliación da explotación de gando e, en consecuencia, acordase a concesión da bonificación solicitada.”*

---

Constando –nas actuacións realizadas- o informe emitido pola interventora municipal, con data 7 de abril de 2015; de cuxo informe dedúcese:

A) Que o artigo 103 nº 2 letra a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais dispón que “*as ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras de ata o 95% a favor daquelas construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego, que xustifiquen tal declaración*”.

B) Que dita ordenanza establece –no seu artigo 7 apartado I) “Bonificacións”, subapartado d)- unha bonificación do 50% na cota do referido imposto, cando se trate de construcións, instalacións e obras promovidas por agricultores ou gandeiros; suposto no que se encadraría a actuación para a cal foi concedida a licenza de obras.

Non realizándose ningunha manifestación en contrario por parte dos membros desta Corporación Local asistentes a esta sesión.

E considerando, de conformidade co disposto no artigo 7 da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras:

a) Que a declaración de especial interese ou utilidade municipal deberá ser solicitada polo suxeito pasivo, e

b) Que, unha vez informada esa solicitude, corresponderá ao Pleno do Concello decidir –por maioría simple- se concorren as circunstancias para efectuar a declaración de especial interese ou utilidade municipal.

O Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria:

Adoptándose -por unanimidade dos oito membros asistentes (1 do BNG, 1 do PSdeG-PSOE, 2 do PP e 4 non adscritos a ningún grupo político)- sendo trece o número legal dos que integran a Corporación Local- os seguintes acordos:

**Primeiro**.- Considerar de especial interese e utilidade municipal as obras de ampliación da explotación gandeira, para a que se concedeu licenza municipal pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 16 de xaneiro de 2015, por concorrer circunstancias sociais e de fomento de emprego.

**Segundo**.- En consecuencia con esta declaración, conceder os beneficios solicitados do 50 por 100 na cota do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras, que se aplicará sobre a liquidación que foi practicada e aprobada cando se adoptou o acordo de concesión da licenza municipal para poder realizar as construcións de ampliación da explotación de gando.

**Terceiro**.- Notificar este acordo ao solicitante da bonificación, practicándolle unha nova liquidación tributaria, co obxecto de recoller a bonificación agora aprobada.

***Punto 8º) MODIFICACION DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO PARA O EJERCICIO 2015.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de contas, economía e facenda, na sesión celebrada o día 14 de abril de 2015; no seguinte sentido:

*“A requirimento da presidenta desta Comisión especial de contas, economía e facenda, a Sra. Torreiro González, o secretario dou lectura das actuacións realizadas en relación con este asunto, que consisten nun informe emitido pola interventora con data 24 de marzo de 2015 e na proposta do alcalde en relación con ese informe, redactada con esa mesma data.*

*Seguidamente pasouse a dar lectura de ambas actuacións; sendo o seu contido o seguinte:*

- *En canto ao informe da interventora, indícase:*

- *Que o artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira dispón que “O Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos”.*

- *Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria do 23 de decembro de 2014, aprobou o límite de gasto non financeiro do orzamento do Concello de Arzúa para o exercicio 2015, por un importe de 4.025.171,93 euros. Dito importe, foi aprobado a proposta do alcalde e informado favorablemente pola interventora o 16 de decembro de 2014. Ese límite de gasto aprobado baseouse no cómputo dos empregos non financeiros de 2014, dos que se partiu para calcular o gasto computable, resultantes dunha estimación das obrigas recoñecidas netas que resultarían da liquidación do exercicio 2014. Non obstante, o pasado 18 de marzo aprobouse a liquidación do exercicio 2014, polo que xa se conta cos datos definitivos correspondentes a ese exercicio.*

- *Que polo tanto, debe calcularse novamente o límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, e comprobarse se o orzamento xeral do Concello para 2015, tendo en conta as previsións definitivas estimadas tanto dos ingresos como dos gastos, cumpre con ese límite.*

- *Que, despois de efectuar os cálculos, este novo límite compatible coa regra de gasto e o principio de estabilidade orzamentaria, sitúase na contía de 4.837.445,16 euros, concluíndose no informe de intervención que as previsións de execución orzamentaria no ano 2015 son coherentes con este novo teito de gasto non financeiro.*

- *En canto a proposta do alcalde, se indica que tendo en conta o mencionado informe da interventora, así como a normativa citada nese informe, propónse que polo Pleno da Corporación se adopten os seguintes acordos:*

- 1) *Modificar o límite de gasto non financeiro do orzamento do Concello de Arzúa para o exercicio 2015, aprobado polo Pleno do Concello en sesión ordinaria do día 23 de decembro de 2014, fixando o mesmo en 4.837.445,16 euros.*

*II) Expoñer ao público o novo límite de gasto non financeiro, polo prazo de quince días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia.*

*Tras o exposto, a presidenta desta Comisión especial de contas, economía e facenda, someteu este asunto a votación ordinaria.*

*Adoptándose –por unanimidade dos seis concelleiros asistentes (3 do BNG, 2 do PP e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello que adopte os dous acordos que contén a proposta do alcalde, dos cales se dera lectura.”*

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), que manifestou a súa conformidade co ditame emitido pola Comisión especial de contas, economía e facenda.

\* Da Sra. Castro Pampín (do PP), para expoñer que vendo a fondo o informe da interventora e os datos actualizados, está a favor de que se realice a modificación do límite de gasto no financeiro do orzamento municipal na cifra que quedou indicada nese informe.

\* Do Sr. Sánchez Varela (do BNG), para expoñer que se trataba de cumprir coa lei de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, e fíxose en principio unha estimación de cal sería o límite de gasto non financeiro e, despois da liquidación do orzamento do exercicio 2014, recalculouse ese límite en base aos datos definitivos da liquidación.

\* Da Sra. Varela Duro (do grupo de concelleiros non adscritos), para expoñer que non ten nada que engadir con respecto ao que se dixo na sesión da Comisión especial de contas, economía e facenda.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu este asunto a votación ordinaria, fixando os termos da votación, en concordancia co acordado no ditame da Comisión especial de contas, economía e facenda.

Adoptándose, en consecuencia –por unanimidade dos oito membros asistentes (1 do BNG, 1 do PSdeG-PSOE, 2 do PP e 4 non adscritos a ningún grupo político), sendo trece os que integran a Corporación Local- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Modificar o límite de gasto non financeiro do orzamento municipal do concello de Arzúa para o exercicio 2015, aprobado polo Pleno do concello na sesión celebrada o día 23 de decembro de 2014, fixando o mesmo en 4.837.445,16 euros.

**Segundo.**- Expoñer ao público o novo límite de gasto non financeiro, polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

**Punto 9º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CREDITOS, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITOS 1/2015**

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de contas, economía e facenda, na sesión celebrada o día 14 de abril de 2015; no seguinte sentido:

*“A requirimento da presidenta desta Comisión especial de contas, economía e facenda, a Sra. Torreiro González, polo secretario indicouse que no devandito expediente constan os seguintes trámites:*

*1.- Unha providencia do alcalde, de data 8 abril de 2015, pola que se dispón o inicio deste expediente, como consecuencia de maiores gastos que se prevén realizar neste exercicio económico, sen que se poidan demorar ao vindeiro exercicio polos motivos apuntados na memoria da Alcaldía que se incorpora a dito expediente, xa que para tales gastos non existe crédito orzamentario suficiente e ampliable na aplicación orzamentaria 1532.619.00 do vixente orzamento municipal. E iso, por canto que se dispón dalgúns dos medios de financiación previstos na lexislación de facendas locais, de acordo coa desagregación que se indica na memoria.*

*2.- A memoria da Alcaldía, de data 8 de abril de 2015, onde se indican os motivos para non demorar o gasto a realizar a outros exercicios posteriores; incluíndo nesta modificación os seguintes gastos :*

<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Descrición</i>	<i>Importe.</i>
<i>1532.619.00</i>	<i>Pavimentacións.Outras Infraestruturas de reposición</i>	<i>173.681,49 euros.</i>
<i>Proxectos:</i>		
<i>“Camiño do Viso a Casaldoeiro (Santa María) e outros”.</i>		
<i>“Camiño en Villantime”</i>		
<i>“Interior en Rouris (Burras) e outros”.</i>		

*Para iso, a financiación do expediente realizarase con cargo ao remanente líquido de Tesourería:*

<i>Concepto</i>	<i>Descrición</i>	<i>Euros</i>
<i>870.00</i>	<i>RLT para gastos xerais</i>	<i>173.681,49 euros.</i>
	<i>TOTAL</i>	<i>173.681,49 euros.</i>

*3.- Os informes elaborados polo enxeñeiro de camiños don Julio Rojo Martinez, con data marzo de 2015, en relación cos tres proxectos citados, indicando que “as obras contempladas nos proxectos non presupoñen en ningún caso aumento algún dos gastos, senón todo o contrario, os gastos anteriores son consecuencia da existencia da infraestrutura e as obras contempladas reducen substancialmente os gastos de mantemento”.*

4.- *As tres memorias do alcalde, de data 8 de abril de 2015, nas que se indica entre outras cousas: que a vida útil estimada para estes investimentos non é inferior a cinco anos; que estes investimentos non supoñen un incremento na previsión de ingresos, senón un aforro nos custes de mantemento con respecto aos actuais e que os tres investimentos non ten consecuencias relevantes en canto aos seus efectos orzamentarios e económicos para os ingresos e gastos de exercicios futuros.*

5.- *Os informes da interventora, emitidos con data 10 de abril de 2015, en sentido favorable en relación con estes tres investimentos.*

6.- *Un certificado emitido pola Axencia Tributaria de Galicia, con data 28 de novembro de 2014, no que consta que o concello de Arzúa non ten débedas pendentes en período executivo coa Comunidade Autónoma.*

7.- *Un certificado emitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, con data 28 de novembro de 2014, no que consta que o concello de Arzúa atopase ao corrente das súas obrigas tributarias.*

8.- *Un certificado emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, con data 28 de novembro de 2015, no que se indica que o concello non ten pendente de ingreso ningunha reclamación por débedas xa vencidas coa Seguridade Social.*

9.- *Un informe emitido pola interventora, con data 10 de abril de 2015, no cal se informa favorablemente o expediente.*

10.- *Un resumo explicativo das modificacións de crédito, con data 10 de abril de 2015.*

*Deseguido a interventora explicou:*

- *Que a utilización do remanente de Tesourería só pode facerse para amortizar débeda ou para investimentos financeiramente sostibles.*

- *Que para poder utilizar os investimentos financeiramente sostibles hai que acreditar:*

- \* *Que a vida útil do investimento é superior a cinco anos, o cal se acredita cos informes técnicos emitidos.*

- \* *Que se trate investimentos que non xeren gastos, senón que xeren aforro.*

- \* *Que o concello ten que estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Seguridade Social.*

- \* *Que para cada investimento ten que haber unha memoria da Alcaldía, indicando as proxeccións orzamentarias do investimento e a vida útil, así como un informe da interventora, informando sobre se a memoria da Alcaldía ten consistencia suficiente para poder considerar estes investimentos como uns investimentos financeiramente sostibles.*

- *Que os certificados de débedas coa Axencia Tributaria de Galicia, ca Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Seguridade Social están incluídos no*

*expediente, para que quede acreditado que o concello esta ao corrente das súas obrigas tributarias e poida acometer estes tipos de investimentos.*

*• Que o previsto no informe da interventora, sobre o expediente e avaliación do principio de estabilidade orzamentaria e límite de débeda, tamén hai que cumprilo para poder efectuar este tipo de investimentos.*

*Tras o exposto, a presidenta desta Comisión especial de contas, economía e facenda someteu a votación ordinaria a aprobación deste expediente nos termos indicados.*

*Adoptándose –por unanimidade dos seis concelleiros asistentes (3 do BNG, 2 do PP e 1 do PSdeG- PSOE)- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello a aprobación do devandito expediente.”*

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), para manifestar que vai a votar a favor.

\* Da Sra. Castro Pampín (do PP), para expresar:

- Que, como se dixo na sesión da Comisión especial de contas, trátase dunha modificación que se fai para poder investir o remanente de tesourería, en lugar de destinalo a reducir o nivel de endebedamento.

- Que considera que é acertado destinar o remanente de tesourería ás tres actuacións que se indican na memoria da Alcaldía, porque as pistas que se pretenden acondicionar están en mal estado.

\* O Sr. Sánchez Varela (do BNG), para expresar:

- Que como houbo un superavit na liquidación do orzamento do pasado exercicio, permite investir unha parte do remanente de tesourería, na realización duns investimentos financeiramente sostibles, referidos a obras de mantemento e non a obra nova.

- Que considera que o destino dese remanente de tesourería é bastante acertado, porque os viais, que serven de comunicación na zona rural, están bastante deterioradas.

\* Da Sra. Varela Duro (do grupo de concelleiros non adscritos), para manifestar que se se propuxo o acondicionamento dos camiños previstos nos proxectos técnicos indicados, é porque se considerou necesario.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose – por unanimidade dos oito membros asistentes (1 do BNG, 1 do PSdeG-PSOE, 2 do PP e 4 non adscritos a ningún grupo político), sendo trece o número legal dos que integran a Corporación Local- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobar inicialmente a proposta de modificación de créditos, na modalidade de suplemento de crédito, coa finalidade de suplementar a partida orzamentaria 1532.619.01 “*Pavimentación. Outras infraestrutura de reposición*”, cun

importe de 173.681,49 euros, co obxecto de poder contratar a execución das obras nomeadas “**Camiño do Viso a Casaldoeiro (Santa María ) e outros**”, “**Camiño de Villantime**” e “**Interior en Rouris (Burres) e outros**”, por uns orzamentos de execución por contrata de 77.128,56 euros, 50.544,40 euros e 45.998,53 euros, respectivamente: e iso, con cargo a unha parte do remanente de tesourería resultante da liquidación do orzamento municipal do pasado exercicio económico, que ascendía a un total de 248.308,40 euros.

**Segundo.**- Continuar a tramitación do referido expediente, coa súa exposición ao público por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao disposto no artigo 177 nº 2 en relación co artigo 169 nº 1, do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**Terceiro.**- Que –no suposto de non presentarse reclamacións contra dito expediente- considerárase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 169 nº 1 e 3 do citado Real Decreto Lexislativo; publicándose no Boletín Oficial da Provincia o resumo de como quedan os Capítulos do Estado de Gastos e de Ingresos do orzamento municipal, por razón do suplemento do crédito agora aprobado, a efectos de que poida entrar en vigor.

**Cuarto.**- Que, de conformidade co número 4 do artigo 169 do mesmo Real Decreto Lexislativo 2/2004, remítase copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

***Punto 10º) APROBACIÓN DOS PROXECTOS TÉCNICOS NOMEADOS: “CAMIÑO DE VILLANTIME”, “INTERIOR EN ROURIS (BURRES) E OUTROS” E “CAMIÑO DO VISO A CASALDOEIRO (SANTA MARIA) E OUTROS”***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de contas, economía e facenda, na sesión celebrada o día 14 de abril de 2015; no seguinte sentido

*“Pola presidenta desta Comisión especial de contas, economía e facenda, a Sra. Torreiro González, douse conta de ditos proxectos; informando:*

*- Que no proxecto técnico nomeado “Camiño en Villantime”, incluese o arranxo do camiño que vai dende o cruce ata a igrexa.*

*- Que no proxecto técnico nomeado “Interior en Ruiris (Burres) e outros”, unha parte das obras consiste no arranxo dun núcleo, onde hai unhas tres casas cun camiño que está cuberto todo de lodo.*

*-Que no proxecto técnico nomeado “Camiño do Viso a Casaldoeiro (Santa María) e outros”, incluese o camiño que vai dende O Viso ata detrás da Painza, e tamén vai incluído neste proxecto o camiño de detrás da Cooperativa Perpetuo Socorro. Estes camiños van incluídos no mesmo proxecto, porque hai que pedir permiso a Patrimonio antes de empezar as obras.*

*Tras o exposto, a presidenta desta Comisión especial de contas, economía e facenda someteu a votación ordinaria a aprobación dos tres proxectos técnicos indicados.*

*Adoptándose –por unanimidade dos seis concelleiros asistentes (3 do BNG, 2 do PP e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de propoñer ao Pleno do concello a aprobación deses tres proxectos técnicos, para poder iniciar os trámites de contratación das obras neles comprendidas, cando entre en vigor o suplemento de créditos incluído no punto anterior da orde do día desta sesión.”*

---

Tras manifestar os concelleiros asistentes a súa conformidade co anterior ditame emitido pola Comisión especial de contas, economía e facenda.

Polo Sr. alcalde someteuse este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por unanimidade dos oito membros asistentes (1 do BNG, 1 do PSdeG-PSOE, 2 do PP e 4 non adscritos a ningún grupo político), sendo trece o número legal dos que integran a Corporación Local- os seguintes acordos:

**Primeiro**.- Aprobar os tres proxectos técnicos que deseguido se detallan:

1) “Camiño en Villantime”, elaborado polo enxeñeiro de camiños don Julio Rojo Martínez, con data marzo de 2015, por un orzamento total de 50.544,40 euros (41.772,23 euros, mais 8.772,17 euros, en concepto de IVE ao 21%), no cal se prevé un prazo de execución de seis meses.

2) “Interior en Rouris (Burres) e outros”, elaborado polo enxeñeiro de camiños don Julio Rojo Martínez, con data marzo de 2015, por un orzamento total de 45.998,53 euros (38.015,31 euros, máis 7.983,22 euros en concepto de IVE ao 21%), no cal se prevé un prazo de execución de seis meses.

3) “Camiño do Viso a Casaldoeiro (Santa María) e outros”, elaborado polo enxeñeiro de camiños don Julio Rojo Martínez, con data marzo de 2015, por un orzamento de 77.128,56 euros (63.742,61 euros, máis 13.385,95 euros en concepto de IVE ao 21%), no cal se prevé un prazo de execución de seis meses.

**Segundo**.- Dar traslado dunha certificación deste acordo á Intervención municipal, aos efectos procedentes.

***Punto 11º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CREDITOS 2/2015 (incluído na Orde do día desta sesión, por razóns de urxencia).***

Polo secretario informase que como este asunto foi incluído na orde do día desta sesión por razóns de urxencia, sen que fora informado previamente pola Comisión especial de contas, economía e facenda, sería preciso que o Pleno ratificase a súa inclusión na orde do día, por canto que así o dispón o artigo 82 nº 3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Intervén o Sr. alcalde para expoñer que a conveniencia de tramitar este expediente de modificación de créditos ven recollida na providencia de 15 de abril de 2015, coa que se inicia o expediente, a cal pasou a ler, así como na memoria desa mesma data que tamén se incluíse en dito expediente.

Deseguido o alcalde pediu á interventora que explicase porque se chegara a tramitar este expediente; manifestando a interventora:

- Que cando polo alcalde e pola primeira tenente de alcalde se lle preguntou cal é a forma de proceder para poder realizar os investimentos incluídos no Plan de Aforro e Investimento 2015; por dita funcionaria informouse que, ao ser un plan financiado con préstamo e non con subvención, como ocorre por exemplo no Plan Provincial POS, non é posible realizar unha xeración de crédito porque o préstamo non é un recurso que financie este tipo de modificacións. Polo tanto, deberíase tramitar un expediente de suplemento de crédito e outro de crédito extraordinario, e

- Que cando se notificou a este Concello a aprobación do Plan de Aforro e Investimento xa se celebrara a Comisión de contas, polo que o equipo de goberno decidiu incluílo na orde do día desta sesión plenaria.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde indicou que se ía a someter a votación ordinaria a urxencia de tratar agora este asunto.

Adoptándose – por unanimidade dos oito membros asistentes, sendo trece o número legal dos que integran a Corporación Local- o acordo de considerar xustificada a urxencia de incluír dito asunto na Ordo día desta sesión.

Deseguido abriuse unha rolda de intervencións; manifestando:

● A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), que lle parece ben que se tramite este expediente para poder executar as obras previstas no mesmo, pero tamén faría falta levar a cabo a reparación doutras pistas.

● A Sra. Castro Pampin (do PP):

- Que lle parece ben que se use o préstamo concedido pola Deputación Provincial, cun interés cero, para esta finalidade.

- Que posiblemente hai moitas máis pistas que necesitan ser acondicionadas, pero –como hay que escoller algunha- non imos a entrar nese debate.

● O Sr. Sánchez Varela (do BNG), que se trata dunha liña de crédito para amortización de débeda pública e para investimentos, e lle parece razoable que se inclúa -entre os investimentos a realizar- os accesos a núcleos, sempre que eses accesos sexan os que máis deteriorados están, ou que se trate dos máis reclamados polos veciños para a súa reparación.

Finalmente interviu o Sr. alcalde para expresar :

- Que a maior parte do préstamo se dedicará a pagar débeda e procuramos non investir todo o préstamo en obra, xa que se trata de destinar un préstamo cun interés cero para pagar débeda de préstamos que tiñan un interés maior.

- Que a pista que se pretende acondicionar cunha parte dese préstamo ten bastante falta.

- Que tamén consideramos levar a cabo unha actuación en relación co aforro enerxético, mediante a colocación de luminarias nas parroquias de Lema, Rendal e Santa María, para que haxa un aforro na factura de electricidade.

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por unanimidade dos oito membros asistentes (*1 do BNG, 1 do PSdeG-PSOE, 2 do PP e 4 non adscritos a ningún grupo político*), sendo trece o número legal dos que integran a Corporación Local- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobar inicialmente a proposta de modificación de créditos, na modalidade de suplemento de crédito, coa finalidade de suplementar a aplicación orzamentaria 1531.619.00 “*Acceso a núcleos de poboación. Outras infraestruturas*”, cun importe de 69.071,04 euros, co obxecto de poder contratar a execución da obra nomeada “**Reparación do camiño Salmonte por Baibore (Branzá) e outros**”, por un orzamento de execución por contrata de 69.071,04 euros; e iso, con cargo ao préstamo concedido pola Deputación Provincial, incluído no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015.

**Segundo.**- Continuar a tramitación do referido expediente, coa súa exposición ao público por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao disposto no artigo 177 nº 2 en relación co artigo 169 nº 1, do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**Terceiro.**- Que –no suposto de non presentarse reclamacións contra dito expediente- considerárase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 169 nº 1 e 3 do citado Real Decreto Lexislativo; publicándose no Boletín Oficial da Provincia o resumo de como quedan os Capítulos do Estado de Gastos e de Ingresos do orzamento municipal, por razón do suplemento do crédito agora aprobado, a efectos de que poida entrar en vigor.

**Cuarto.**- Que, de conformidade co número 4 do artigo 169 do mesmo Real Decreto Lexislativo 2/2004, remítase copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

*Punto 12º) **EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CREDITOS, NA MODALIDADE DE CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIA 1/2015 (incluído na Orde do día desta sesión, por razóns de urxencia).***

Intervén o Sr. alcalde para expresar que este punto incluíuse tamén na orde do día desta sesión, polo mesmo motivo que o anterior punto, xa que como consecuencia da participación deste Concello no “Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015” foi concedido un préstamo sen interese de 343.175,96 euros, e como unha parte se pode destinar a investimentos financeiramente sostibles, preveuse financiar con cargo a ese préstamo:

\*Tanto de obra de “Reparación do camiño de Salmonte por Baiobre (Branzá) e outros”, (*que foi obxecto do expediente de modificación de créditos, na modalidade de suplemento de créditos 2/2015, incluído no punto anterior da Orde do día desta sesión*).

\* Como o investimento consistente no “Subministro e renovación de luminarias nas parroquias de Lema e Rendal: lugar de Magulan e outros”, por un orzamento de 64.737,09 euros, e o “Subministro e renovación de luminarias na parroquia de Santa María: lugar de Seixas e outros”, por un importe de 51.324,62 euros, para o cal é preciso tramitar e aprobar un expediente de modificación de créditos, na modalidade de concesión de crédito extraordinario (o 1/2015), que é obxecto deste punto da Orde do día.

Tras o exposto, o Sr. alcalde indicou que se ía a someter a votación ordinaria a urxencia de tratar agora este asunto.

Adoptándose – por unanimidade dos oito membros asistentes, sendo trece o número legal dos que integran a Corporación Local- o acordo de considerar xustificada a urxencia de incluír dito asunto na Ordo día desta sesión.

Deseguido o alcalde abriu unha rolda de debate, sen que se producira ningunha intervención.

Polo Sr. alcalde someteuse este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por unanimidade dos oito membros asistentes (*1 do BNG, 1 do PSdeG-PSOE, 2 do PP e 4 non adscritos a ningún grupo político*), sendo trece o número legal dos que integran a Corporación Local- os seguintes acordos:

**Primeiro**.- Aprobar inicialmente a proposta de modificación de créditos, na modalidade de crédito extraordinario, coa finalidade de crear a aplicación orzamentaria 165.633.00 “*Alumeado público. Outras instalacións de reposición*”, co obxecto de poder contratar dous subministros: Un, consistente no “**subministro e renovación de luminarias nas parroquias de Lema e Rendal: lugar de Magulan e outros**” e outro consistente no “**subministro e renovación de luminarias nas parroquias de Santa María: lugar de Seixas e outros**”, por un importe total de 116.061,71 euros; e iso, con cargo ao préstamo concedido pola Deputación Provincial, incluído no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015.

**Segundo**.- Continuar a tramitación do referido expediente, coa súa exposición ao público por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao disposto no artigo 177 nº 2 en relación co artigo 169 nº 1, do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**Terceiro**.- Que –no suposto de non presentarse reclamacións contra dito expediente- considerárase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 169 nº 1 e 3 do citado Real Decreto Lexislativo; publicándose no Boletín Oficial da Provincia o resumo de como quedan os Capítulos do Estado de Gastos e de Ingresos do orzamento municipal, por razón do crédito extraordinario agora aprobado, a efectos de que poida entrar en vigor.

**Cuarto.**- Que, de conformidade co número 4 do artigo 169 do mesmo Real Decreto Legislativo 2/2004, remítase copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

## **B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL:**

### ***Punto 1º) TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLO SR. ALCALDE, DURANTE OS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2014.***

En cumprimento da previsión contida no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, douse conta das resolucións ditadas polo alcalde desde o día 1 de xullo de 2014, -en que foi ditada a resolución máis inmediata á última de 30 de xuño de 2014 (*da cal se dou conta na sesión plenaria celebrada o día 17 de febreiro de 2015*)- ata a ditada o día 29 de agosto de 2014.

#### Estando referidas:

\* A primeira resolución (*reflectida no folio 7.751 volto*), á designación de dona María Lage Vázquez, pola súa condición de diplomada en magisterio, especialidade en lingua galega, para asesorar á Comisión Seleccionadora constituída no proceso de selección –polo sistema de oposición- para poder seleccionar ás catro persoas que foron contratadas como operarios de servizos varios por un período de tres meses e para constituir unha bolsa de traballo nesa categoría profesional.

\* Mentres que a última resolución (*reflectida no folio 7.800 volto e 7.801*), á proposta que formulou o Tribunal Cualificador constituído no proceso de selección –polo sistema de concurso-oposición- para contratar ás persoas que desempeñarían os postos de traballo de profesor no Conservatorio profesional de música de Arzúa así como na Escola municipal de Música, durante o curso escolar 2014-2015, nas especialidades de guitarra, percusión, piano, tuba/trombón, trompa/ trompeta, contrabaixo/violonchelo, violin/viola e de canto.

#### Tendo en conta:

-Que o citado artigo 42 constitúe unha manifestación do dereito de información dos concelleiros, e

-Que todas as resolucións indicadas (decretos) estiveron a disposición dos concelleiros, desde a convocatoria desta sesión plenaria.

Adoptouse –por unanimidade dos oito membros asistentes, sendo trece o número legal dos que integran a Corporación Local- , o acordo de quedar enterados.

### ***Punto 2º) DAR CONTA DO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2014.***

Por vir así establecido no artigo 193 nº 4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora as Facendas Locais, procede dar conta agora do expediente completo de dita liquidación, por ser esta a primeira sesión, seguinte á data do Decreto ditado polo alcalde o día 18 de marzo de 2015, sobre aprobación da referida liquidación.

Sendo o contido de dito Decreto o seguinte:

*“Visto o expediente tramitado para a aprobación da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2014, conforme ao establecido no artigo 191 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e o informe de intervención que obra no expediente,*  
**RESOLVO:**

*PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do orzamento xeral de 2014, integrada polos seguintes estados, cos seguintes resultados:*

- *Liquidación do orzamento de gastos*
- *Liquidación do orzamento de ingresos*
- *Dereitos pendentes de cobro e obrigas pendentes de pago a 31 de decembro*
- *Remanentes de crédito*
- *Resultado orzamentario*
- *Remanente de tesourería*

*E cos seguintes resultados:*

**EXECUCIÓN ORZAMENTO GASTOS E INGRESOS:**

GASTOS	C.D.	O.R.N.	%	INGRESOS	P.D.	D.R.N.	%
cap1	1.610.059,63	1.590.353,71	98,78 %	cap 1	1.472.429,54	1.513.892,08	102,82 %
cap2	2.461.273,27	1.987.033,32	80,73 %	cap 2	60.000,00	64.183,50	106,97 %
cap3	20.600,15	17.359,76	84,27 %	cap 3	1.152.031,42	711.729,40	61,78 %
cap4	244.759,00	182.072,27	74,39 %	cap 4	1.960.924,57	2.014.169,38	102,72 %
				cap 5	3.525,53	3.222,09	91,39 %
cap6	1.110.165,20	613.034,18	55,22 %	cap 6	0	0	0,00%
cap7	0	0	0,00%	cap 7	748.589,84	308.867,99	41,26 %
cap8	6.000,00	6.000,00	100,00 %	cap 8	141.046,36	3.958,35	2,81%

<i>cap9</i>	85.690,00	85.688,39	100,00 %	<i>cap 9</i>	0,00	0	0,00%
<b>TOTAL</b>	5.538.547,	4.481.541,	80,92 %	<b>TOTAL</b>	5.538.547,	4.620.022,	83,42 %
<b>L</b>	25	63			26	79	

<i>DEREITOS PENDENTES DE COBRO A 31/12/2014</i>	118.496,26 €
<i>OBRIGAS PENDENTES DE PAGO A 31/12/2014</i>	204.278,18 €

**RESULTADO ORZAMENTARIO:**

CONCEPTOS	D. REC. NETOS	O. REC. NETAS	AXUST ES	RESULT. ORZ.
<i>operacións correntes</i>	4307196,45	3776819,06		
<i>outras operacións non financeiras</i>	308867,99	613034,18		
<i>Total operacións non financeiras</i>	4616064,44	4389853,24		
<i>Activos financeiros</i>	3958,35	6000		
<i>Pasivos financeiros</i>	0	85688,39		
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO</b>	4620022,79	4481541,63		138481,16
<b>AXUSTES</b>				
<i>créditos gastados financiados con RLT</i>			96870, 89	
<i>Desviacións de financiación negativas</i>			51639, 78	
<i>Desviacións de financiación positivas</i>			111346 ,12	
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO</b>				<b>175.645,71</b>

**REMANENTE DE TESOURERÍA:**

<b>DEREITOS PENDENTES DE COBRO</b>		<b>105.355,88</b>
+De orzamento corrente de ingresos	118.496,26	
+De orzamento pechado de ingresos	51.096,69	
+De recursos doutros entes públicos	0,00	
+Doutras operacións non orzamentarias	2.029,03	
-Ingresos pendentes de aplicación	66.266,10	
<b>FONDOS LÍQUIDOS</b>		<b>508.280,86</b>
<b>-OBRIGAS PENDENTES DE PAGO</b>		<b>309.066,61</b>
+De orzamento corrente de gastos	204.278,18	
+De orzamento pechado de gastos	0	

+Doutras operacións non orzamentarias	116.059,42	
-Pagos pendentes de aplicación	11.270,99	
<b>=REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL</b>		<b>304.570,13</b>
<b>SALDOS DE DUBIDOSO COBRO</b>		<b>21.317,71</b>
<b>EXCESOS DE FINANCIACION AFECTADA</b>		<b>34.944,02</b>
<b>REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS</b>		<b>248.308,40</b>

*SEGUNDO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, de acordo con canto establecen os artigos 193 n° 4 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo (TRLRFL), e 90 n°2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.*

*TERCEIRO.- Remitir de copia de devandita Liquidación aos órganos competentes, tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma, en cumprimento do disposto no artigo 193 n° 5 do TRLRFL.”*

Coñecido o contido do anterior decreto.

Adoptouse –por unanimidade dos oito membros asistentes, sende trece o número legal dos que integran a Corporación- o acordo de quedar enterados da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2014, así como do decreto do alcalde polo cal se aprobou dita liquidación, previo o informe de intervención.

***Punto 3º) DAR CONTA DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO, PARA OS EXERCICIOS 2016, 2017 E 2018.***

Infórmase que pola interventora elaborouse o plan orzamentario a medio prazo, no que se enmarcará a elaboración dos orzamentos municipais, para os exercicios 2016, 2017 e 2018, a través de cuxo plan orzamentario chégase ás conclusións que figuran en dito plan, en canto a proxeccións de ingresos e gastos; e iso co obxecto de dar cumprimento ao disposto na Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade financeira (LOEOSF), que establece no seu artígo 6 a obriga de remitir información sobre os plans orzamentarios a medio prazo, nos que se enmarcará a elaboración dos orzamentos das entidades locais.

Sendo o contido de dito plan o seguinte:

- Detalle de ingresos correntes (Estimación de dereitos recoñecidos netos, en euros):

Total de ingresos correntes: Ano 2015= 4.106.707,03 euros.  
Ano 2016= 4.167.247,68 euros.  
Ano 2017= 4. 220.508,36 euros.

Ano 2018= 4.253.365,76 euros.

● Detalle de ingresos de capital (Estimación de dereitos recoñecidos netos, en euros):

Total de ingresos de capital: Ano 2015= 389.695,76 euros.  
Ano 2016= 389.695,76 euros.  
Ano 2017= 389.695,76 euros.  
Ano 2018= 389.695,76 euros.

● Detalle dos ingresos financeiros (Estimación de dereitos recoñecidos netos, en euros).

Total de ingresos financeiros: Ano 2015= 6.000 euros.  
Ano 2016= 6.000 euros.  
Ano 2017= 6.000 euros.  
Ano 2018= 6.000 euros.

● Detalle dos gastos correntes (Estimación de obrigas recoñecidas netas, en euros).

Total de ingresos financeiros: Ano 2015= 3.854.121,90 euros.  
Ano 2016= 3.851.493,70 euros.  
Ano 2017= 3.850.579,03 euros.  
Ano 2018= 3.849.531,29 euros.

● Detalle dos gastos de capital (Estimación de obrigas recoñecidas netas, en euros).

Total de gastos de capital: Ano 2015= 535.239 euros.  
Ano 2016= 535.239 euros.  
Ano 2017= 535.239 euros.  
Ano 2018= 535.239 euros.

● Detalle dos gastos de financeiros (Estimación de obrigas recoñecidas netas, en euros).

Total de gastos de capital: Ano 2015: 88.280,88 euros.  
Ano 2016: 84.564,05 euros.  
Ano 2017: 98.277,72 euros.  
Ano 2018: 115.943,21 euros.

Tamén se informa que dito plan orzamentario foi aprobado por decreto do alcalde ditado o día 18 de marzo de 2015; do cal se da vista.

Sometido este asunto a votación ordinaria;

Adoptouse –por unanimidade dos oito membros asistentes, sendo trece o número legal dos que integran a Corporación Local- o acordo de quedar enterados.

**Punto 4º) DAR CONTA DO DECRETO DITADO POLO ALCALDE, CON DATA 9 DE ABRIL DE 2015, RELATIVO A XUBILACIÓN DO TRABALLADOR QUE DESEMPEÑA O POSTO DE TRABALLO DE EDUCADOR FAMILIAR, DON MANUEL VARELA ARES.**

Dáse conta do referido decreto do alcalde, de data 9 de abril de 2015, cuxo texto é o seguinte:

*“Visto el escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello o día 7 de abril de 2015 (rexistrado de entrada ao número 1.108) polo traballador ao servizo desta entidade local don Manuel Varela Ares, con DNI número 33804908-Z, que figura como educador familiar no cadro de persoal laboral ao servizo deste Concello; a través de cuxo escrito expón:*

*a) Que o vindeiro día 29 de abril cumprirá 65 anos.*

*b) Que para ter dereito á pensión de xubilación, na modalidade contributiva, dentro do Réxime Xeral da Seguridade Social é necesario cumprir 67 anos, ou 65 anos cando se acrediten 38 anos e 6 meses de cotización.*

*c) Que, como o novo sistema de xubilacións se aplica de forma gradual; para que el poida xubilarse no presente ano con 65 anos, sería necesario:*

*1) Ou acreditar 35 anos e 9 meses de cotización á Seguridade Social; o cal non pode cumprir porque as súas cotizacións alcanzan a 32 anos, 1 mes e 23 días, segundo se deduce do Informe integrado de Vida Laboral que achega co referido escrito.*

*2) Ou ter 65 anos e 3 meses; o cal cumprírase o vindeiro día 29 de xullo xa que naceu o día 29 de abril de 1950. E*

*Tendo en conta o disposto na Disposición Transitoria vixésima (Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización) do Real Decreto Legislativo 1/1994 de 20 de xuño, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (cuxa disposición transitoria vixésima foi incorporada a dita lei pola Lei 27/2011 de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social), onde se dispón que as idades de xubilación e o período de cotización a que se refire a letra a) do apartado 1 do artigo 161 de dita lei, aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do cadro que figura nesa disposición transitoria vixésima, na cal consta que para poder xubilarse no ano 2015, con menos de 35 anos e 9 meses de cotización, sería necesario ter cumpridos 65 anos e 3 meses e cuberto un período mínimo de cotización de 15 anos.*

*Cabe deducir que efectivamente o traballador don Manuel Varela Ares poderase xubilar –como así deixou expresado no seu escrito de data 7 de abril de 2015- o día 29 de xullo do presente ano.*

*En consecuencia, considerando que –segundo se dispón no artigo 21 nº 1 letra h) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local- o alcalde desempeña a xefatura superior de todo o persoal.*

*Esta Alcaldía **RESOLVEU:***

**Primeiro.**- *Darse por enterada da pretensión do traballador don Manuel Varela Ares de xubilarse o vindeiro día 29 de xullo de 2015, polo que a partir de dito día quedará vacante o posto de traballo que viña desempeñando como educador familiar no cadro de persoal laboral temporal ao servizo desta entidade local, no apartado de persoal laboral temporal.*

**Segundo.**- *Dar conta desta resolución ao Pleno na primeira sesión que celebre.”*

Adoptándose –por unanimidade dos oito membros asistentes, sendo trece o número legal dos que integran a Corporación Local- o acordo de quedar enterados.

---

Antes de pasar á rolda de Rogos e Preguntas, o Sr. alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que se achegara coa convocatoria desta sesión, e que non teña cabida na rolda de rogos e preguntas (*que coincide co punto 5º do apartado B) Control e seguimento da xestión municipal, da orde do día desta sesión*).

Manifestando o Sr. Sánchez Varela (do BNG) que o grupo político do Bloque Nacionalista Galego, na data do 13 de abril de 2015, presentou unha moción no Rexistro Xeral do Concello (que foi rexistrada de entrada ao número 1.206) e, como non quedou incluída na orde do día desta sesión, formulase agora, cuxa **moción refírese ao mantemento e gratuidade dos Rexistros Civís**; sendo o seu contido o seguinte:

*“O goberno do PP no Estado Español aprobou o pasado ano o Real decreto-lei 8/2014, de 4 de xullo, que leva aparellado o traspaso dos rexistros civís aos rexistros da propiedade e mercantís. Desaparece, así, un servizo público que prestaba gratuitamente á organización rexistral, onde se gravan cun arancel as prestacións realizadas aos usuarios e usuarias. Deste xeito, un servizo ata o de agora gratuíto acabará converténdose con case total seguranza en de pago obrigado. A este respecto, cómpre subliñar que o obxectivo do PP no seu modelo de servizos públicos privatizador é que as persoas usuarias sexan as que custeen o servizo, como xa foi introducindo na sanidade ou nos servizos sociais.*

*O Rexistro Civil é un servizo público e gratuíto que cumpre numerosas funcións, que son indispensables para a vida diaria de calquera persoa; inscricións de nacementos, estado civil, cambio de nome ou sexo... Hai trámites sinxelos, mais outros requiren acudir en persoa, o que o converte nun servizo imprescindible. E as persoas usuarias van ser as que precisaren expedir documentos básicos para acreditar a súa situación persoal, uns documentos que, a súa vez, son obrigatorios para cobrar pensión, prestacións de servizos sociais ou axudas públicas. Pero alén disto, en moitos casos terán que facer longos e custosos desprazamentos, pois recentemente confirmouse que o Rexistro vai ser asumido unicamente por aqueles que teñen competencias mercantís. O mapa, pois, en Galicia ficaría só con rexistro na Coruña,*

*Santiago, Lugo, Ourense e Pontevedra, fronte á actual presenza dos rexistros civís en todos os concellos galegos.*

*Despois de ter investido inxentes recursos públicos para a modernización e dixitalización dos rexistro civís, agora póñense en mans privadas, impoñendo taxas que non ingresarán nas arcas públicas senón nas dos rexistradores/as directamente. E, a maiores, a protección de datos persoais e obrigatorios que contén o Rexistro Civil queda en evidencia ao se poñer en mans de persoal que non ten o carácter de funcionariado público nin o deber de confidencialidade. Por outra parte, é preciso non esquecer a previsible perda de postos de traballo de persoal dependente agora do Ministerio de Xustiza.*

*Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG, solicita da Corporación en Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:*

*1. Expresar o rexeitamento ao Real decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, instando ao Goberno do Estado español á inmediata derogación deste Real decreto e á paralización do traspaso do Rexistro Civil aos rexistros da propiedade e mercantís.*

*2. Instar á Xunta de Galicia a que demande do Goberno central que se garanta o servizo público, a atención nos xulgados de paz e a gratuidade futura nas funcións que prestan nos rexistros civís.*

*3. Dar traslado deste acordo ao Goberno Central e á Xunta de Galicia.”*

---

Xustifica o Sr. Varela Sánchez a urxencia de debatir e aprobar no seu caso, agora esta moción, por razón das consecuencias da aprobación dun Rel Decreto Lei, de 4 de xullo de 2014, para levar a cabo o traspaso dos Rexistros Civís aos Rexistros da Propiedade e Mercantís; o cal vai supoñer que probablemente vanse a privatizar unha serie de trámites, e se vai cobrar por eles, como as inscricións de nacementos, casamentos, cambios de nome...; e este tipo de xestións –que ata agora se facían a nivel de concello- só poderá facerse na Coruña, Santiago, Lugo, Orense e Pontevedra, polo que chegará consigo o ter que realizar costosos desprazamentos.

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a urxencia de tratar agora sobre esta moción.

Adoptándose –por unanimidade dos oito membros asistentes, sendo trece o número legal dos que integran a Corporación Local- o acordo de considerar xustificada a urxencia; polo que, en consecuencia, pasouse a debatir e votar esta moción.

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), para expresar:

- Que esta situación aos veciños de Arzúa vains afectar moito, porque haberá que desprazarse ás capitais de provincia, e iso vai a supoñer un gasto.
- Que dálle pouca seguridade que datos públicos pasen a mans privadas.
- Que temos que loitar todos para que non se leve a cabo o traspaso dos Rexistro Cívís.

\* Da Sra. Castro Pampín (do PP) para expresar:

- Que estamos totalmente en contra de que se alonxe ás institucións das zonas rurais, porque iso supón encarecer os servizos; e ademais para as persoas maiores será un trastorno ao ter que desprazarse ás cidades.
- Que ten entendido que isto agora esta paralizado, non sabe se por motivos electorais ou por outros motivos; e mentres non saibamos se se vai a levar a cabo ou non o traspaso dos Rexistros civís, nosa postura vai ser a de absterse.

\* Da Sra. Varela Duro (do grupo de concelleiros non adscritos), para expoñer que lle parece que o Partido Popular está empeñado en ir en contra do benestar da cidadanía de dos veciños de Arzúa; e nós imos poñer o noso esforzo para que este servizo non se alonxe de aquí, porque ao telo no concello suponnos rapidez e economía de gastos ao estar a poucos quilómetros de calquera das parroquias do termo municipal.

\*Do Sr. Sánchez Varela (do BNG) para expresar que considera que se vai gastar moito diñeiro en dixitalizar os Rexistros, que se van impoñer taxas, e que haberá tráfico da información, vulnerando a lei de protección de datos.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria as tres propostas de acordo que contén esta moción;

Adoptándose os seguintes acordos, por seis votos a favor (*1 do BNG, 1 do PSdeG-PSOE e 4 dos membros non adscritos*), coa abstención dos dous concelleiros do Partido Popular, sendo trece o número legal dos que integran a Corporación Local:

**Primeiro.**-Expresar o rexeitamento ao Real Decreto-Lei 8/2014, do 4 de xullo, de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, instando ao Goberno do Estado español á inmediata derogación deste Real decreto e á paralización do traspaso do Rexistro Civil aos Rexistros da Propiedade e Mercantís.

**Segundo.**- Instar á Xunta de Galicia a que demande do Goberno central que se garanta o servizo público, a atención nos xulgados de paz e a gratuidade futura nas funcións que prestan nos rexistros civís.

**Terceiro.**- Dar traslado deste acordo ao Goberno Central e á Xunta de Galicia.

*Punto 5º) ROGOS E PREGUNTAS.-*

Tras preguntar o Sr. alcalde se se ía a formular algún rogo ou pregunta; sen que

se formulase ningún. Non se fixo uso deste punto da Orde do día.

E non habendo máis asuntos de que tratar, de orde do Sr. presidente dáse por rematado o acto, levantándose a sesión ás 21.40 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á próxima sesión. Do que dou fe.